

# Fallo do VI Concurso de fotografía Como cambiamos!


EDLG. Curso 2020-21

Reunido o xurado composto por Verónica (administrativa), Laura (profesora de EpeV), Kike (conserxe), Oliva (alumna do EDLG) e Mariluz (coordinadora do EDLG) acórdase facer público o fallo do concurso.

Rematado o prazo de entrega e logo de valorar as fotos presentadas e das deliberacións pertinentes, decídese **premiar estas dúas fotos**, presentadas por Eva Senra Fafián e Ángela García Figueiras.

Agradecemos a participación de quen enviou as súas fotos e animámosvos a seguir participando en vindeiras edicións.

Os premios serán entregados á volta das vacacións, na primeira semana de abril.



Carnota, 26 de marzo de 2021

## FOTO 1:

### Como cambiamos!

Na fotografía de papel (1) víase a uns rapaces tocando un tamboril e unha pandeireta, que nos leva aos recordos daqueles días felices de festa nos que pola mañá escoitabamos as gaitas e os músicos tocando na rúa e saíamos todos da casa a velos e escoitalos.

Na outra (2) vemos como está a cabaceira e a rúa no mesmo lugar a día de hoxe, pero totalmente baleira e sen felicidade, pola situación que nos está tocando vivir, todos sentimos como todo está cambiando e nós tamén.

ESO)

Eva Senra Fafián (4º





## FOTO 2:

### Como cambiamos!

"Cambiamos de tamaño e de cor pero non de sentimento".

Elixín esta foto, porque me pareceu interesante ver o cambio na miña persoa uns anos máis tarde, e tamén ver que a descendencia de "Roxa" segue en pé.

**Ángela García Figueiras (4º ESO)**



# As premiadas con parte do xurado





# Un detalle para cada participante



# Algúns agasallos





# Grazas por participades!

